

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 21 de decembro de 2007**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 21 de decembro de 2007, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 14/07, do 30 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.801 á nº 21.950, de 2007.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión plenaria ordinaria de xaneiro de 2008.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

4.-Modificación das “Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia”.

Comisión de Cooperación e Asistencia a Concellos

5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación de rúas en Aranga-Feás e Fervenzas” do Concello de Aranga, incluída no POS 2007. Código 07.2100.0009.0.

6.-Aprobación da modificación dos proxectos das obras do Concello de Arteixo incluídas no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, códigos 07.3100.0015.0, 07.3100.0019.0 e 07.3100.0020.0.

7.-Aprobación da modificación dos proxectos das obras do Concello de Negreira incluídas no Plan de cooperación provincial (PCP), códigos 07.3100.0163.0, 07.3100.0164.0, 07.3100.0165.0, 07.3100.0166.0, 07.3100.0167.0, 07.3100.0168.0 e 07.3100.0169.0.

8.-Toma de coñecemento do informe emitido o 27 de novembro de 2007 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control interno dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións previstas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

9.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, sobre o financiamento dos gastos de persoal e funcionamento do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela en Salgueiriños para prestar o servizo de extinción de incendios nos termos municipais de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra.

10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e Unión Eléctrica Fenosa, S.A. para financiar un programa de mellora do impacto visual sobre instalacións eléctricas de bens de carácter institucional ou monumental.

[11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e a Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín para o desenvolvemento e execución do Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013.](#)

[12.-Proposta de modificación do convenio coa Universidade da Coruña para tarefas relacionadas coa convocatoria 2007 de axudas do FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período 2007-2013.](#)

[13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Fogar Galego para anciáns de Bos Aires para financiar os gastos de mantemento do persoal do Fogar de acollida de persoas maiores-residencia DOMSELAAR.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

[14.-Ratificación da solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización da obra de ampliación e mellora do trazado na E.P. 0302 de Teixeira á Falcona, pk. 0.000 ao 3.850-Curtis.](#)

Comisión de Deporte e Mocidade

[15.-Convenio coa Fundación Ciclismo Galego para o financiamento de actividades que fomenten o cicloturismo na provincia da Coruña.](#)

[16.-Informe sobre a corrección de erros do ditame e acordo plenario do expediente “Proposta de formalización dun convenio para o financiamento do Congreso do Centenario do Himno Galego”.](#)

Comisión de Persoal e Réxime Interior

[17.-Regulación interna dos horarios de traballo do persoal da Deputación Provincial da Coruña.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIÓNS](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

Non asisten os Sres. Balseiro Gómez, Cobián Fernández de la Puente, Gacio Vázquez, Villamar Díaz e as Sras. González Cerviño, Vázquez Mejuto e Vázquez Veras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 14/07, DO 30 DE NOVIEMBRE.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 14/07, do 30 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 19.801 Á Nº 21.950, DE 2007.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.801 á nº 21.950, de 2007.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE XANEIRO DE 2008.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión na orde do día deste punto e apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposta:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial corresponde ao primeiro mes de 2008 celebrarse o día 8 de febreiro, venres, a partir das doce horas.”

4.-MODIFICACIÓN DAS “BASES PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TRIBUTARIOS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA”.

INTERVENCIONES

Sr. López Varela

Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, en primeiro lugar quería desculpar a asistencia a este Pleno de catro deputados do Grupo Popular, Ángeles Vázquez e Alfonso Balseiro por motivos de saúde, e Pablo Cobián e Adolfo Gacio por motivos de viaxe. E no que se refire á aprobación deste punto que acaba de citar o secretario, o Grupo Popular está a favor:

ACORDO

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificar a Base sétima das bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia no seu apartado 1. Entregas a conta, que quedará redactado da forma seguinte:

“A Deputación realizará entregas mensuais a conta da recadación de cada exercicio dos tributos comprendidos no contido mínimo da delegación, así como da taxa por recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos a aqueles concellos que deleguen a súa recadación.

O importe das entregas a conta será do 90% da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para o exercicio polos tributos enriba mencionados, repartido en 11 mensualidades para aqueles concellos que acorden a ampliación do período de delegación ata o 1 de xaneiro de 2022. No caso de que o concello non acorde esta ampliación, estas entregas a conta continuarán sendo con carácter xeral do 80% do mesmo importe. Para o cálculo da recadación estimada teranse en conta as circunstancias particulares de cada concello e concepto.

No suposto de que a deputación tivese que realizar operacións de tesourería para atender ao pagamento das ditas entregas a conta, estarase ao disposto no artigo 149.2 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.”

2º.- Engadir na Base oitava das citadas bases, relativa á vixencia da delegación un parágrafo cuarto que tería a seguinte redacción:

“ No caso de aqueles concellos que durante a vixencia das presentes bases, acorden un novo período de delegación de dez anos contados a partir do fin da súa vixencia, deberán acordar esta modificación cos mesmos trámites e procedemento establecido na Base novena.

Cando o dito acordo de delegación sexa definitivo e, polo tanto, estean cumpridos todos os trámites establecidos na dita base novena, farase efectivo a partir do mes seguinte con relación ao concello ou concellos que así o acorden, o previsto na Base sétima en canto a que a porcentaxe das entregas a conta pasarán do 80% ao 90% da recadación estimada de acordo cos criterios da dita base”.

3º.- Facultar ao presidente para a adopción das medidas necesarias para facer efectivo o presente acordo, trasladando aos concellos e entidades delegantes o seu contido e facilitando a adopción dos acordos municipais que o leven a efecto.”

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN ARANGA-FEÁS E FERVENZAS” DO CONCELLO DE ARANGA, INCLUÍDA NO POS 2007. CÓDIGO 07.2100.0009.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Pavimentación de rúas en Aranga, Feás e Fervenzas” (código:07.2100.0009.0) do Concello de Aranga, incluída no POS 2007, cun presuposto de contrata de 41.641,56 €, que non representa variación no seu orzamento total, pero introduce cambios substanciais xa que substitúe un camiño por outro que está na mesma zona.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
07.2100.0009.0	Aranga	Pavimentación de rúas en Aranga, Feás e Fervenzas	17.010,58	16.614,98	5.933,92	2.082,08	41.641,56

6.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS DO CONCELLO DE ARTEIXO INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007, CÓDIGOS 07.3100.0015.0, 07.3100.0019.0 E 07.3100.0020.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar as modificacións dos proxectos das obras do Concello de Arteixo, que deseguido se relacionan, incluídas no Plan de cooperación provincial 2007, que non representan variación nos seus orzamentos totais nin varían a finalidade ou o obxecto das obras pero si representan alteracións substanciais do contido dos proxectos.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>Concello</u>	<u>TOTAL</u>
07.3100.0015.0	Beirarrúas marxe esquerda avda. Culleredo	105.750,85	0,00	105.750,85
07.3100.0019.0	Beirarrúas travesía Santa Icia	145.059,66	100.000,00	245.059,66
07.3100.0020.0	Beirarrúas travesía Uxes	130.491,08	23.660,96	154.152,04

7.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS DO CONCELLO DE NEGREIRA INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP), CÓDIGOS 07.3100.0163.0, 07.3100.0164.0, 07.3100.0165.0, 07.3100.0166.0, 07.3100.0167.0, 07.3100.0168.0 E 07.3100.0169.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar as modificacións dos proxectos das obras do Concello de Negreira, que deseguido se relacionan, incluídas no Plan de cooperación provincial 2007, que aínda non están adxudicadas e que implican un aumento da superficie que se pavimenta, con inclusión de novos trazados dentro da mesma zona, pero que non representan variación nos seus orzamentos totais debido á modificación da calidade da pavimentación inicialmente prevista.

Código	Denominación	Deputación f.p.	TOTAL
07.3100.0163.0	Pav.v.p. Zas-Vilar Xallas-Farrapa e outro.	55.395,56	55.395,56
07.3100.0164.0	Pav.vp. Pontecarballa- Barbazán	31.842,14	31.842,14
07.3100.0165.0	Pav. vp. en Bellalta	49.177,26	49.177,26
07.3100.0166.0	Pav. vp. en Ros	42.099,52	42.099,52
07.3100.0167.0	Pav. vp. en Campos	43.326,23	43.326,23
07.3100.0168.0	Pav. vp. das Forcas	43.780,22	43.780,22
07.3100.0169.0	Pav. vp. en Pesadoira	57.574,18	57.574,18
	TOTAL	323.195,11	323.195,11

8.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME EMITIDO O 27 DE NOVEMBRO DE 2007 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O “PLAN DE CONTROL INTERNO DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002-2006”, SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNS PREVISTAS NO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO CE 438/2001 DA COMISIÓN.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Visto o informe emitido o 27 de novembro de 2007 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións previstas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

1.- Tomar coñecemento do contido do devandito informe emitido o 27 de novembro de 2007, que afecta aos pagamentos realizados desde o 1 de xullo de 2007 ao 30 de setembro de 2007.

Neste informe indícase que se fixeron as verificacións precisas segundo as listaxes de comprobación facilitadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, que inclúen en todo caso as seguintes comprobacións:

- 1.- Que os gastos son elixibles e se fixeron dentro do período de elixibilidade.
- 2.- Que están relacionados efectiva e directamente co proxecto aprobado.
- 3.- Que as condicións do P.O.L. se respectaron da maneira axeitada.
- 4.- Que os produtos ou servizos cofinanciados se subministraron.
- 5.- Que as normas relativas ás axudas estatais, á protección do medio natural e á igualdade de oportunidades se respectaron.
- 6.- Que a normativa nacional e comunitaria en materia de mercados públicos (contratación) se respectaron.

No informe emitido o 27 de novembro de 2007 faise constar que na obra número 231 se omitiu a mención no valo publicitario de que estaba cofinanciada con fondos europeos.

Non obstante, débese ter en conta que, de acordo co Regulamento CE 1159/2000 da Comisión do 30 de maio de 2000, só se esixe obrigatoriamente a instalación de valos nos proxectos cun presuposto superior a 3 millóns de euros, e que nos de presuposto inferior á dita cifra, que son todos os desta deputación, a súa colocación é voluntaria.

2.- Adoptar a seguinte medida de mellora relativa á única incidencia formal detectada:

Facer un seguimento de control de que se coloquen valos publicitarios en todas as obras do programa, aínda cando, dado os seus presupostos, a súa colocación é voluntaria, de acordo co Regulamento CE 1159/2000 da Comisión.

3.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Administracións Públicas para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local.”

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL E FUNCIONAMENTO DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN SALGUEIRIÑOS PARA PRESTAR O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NOS TERMOS MUNICIPAIS DE AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, PADRÓN, ROIS, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, sobre o financiamento dos gastos de persoal e funcionamento do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela en Salgueiriños para prestar o servizo de extinción de incendios nos termos municipais de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo Val do Dubra e Vedra, con cargo á partida 0305/223A/46201, nº de operación 220070051498 e que xunta como anexo:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL E FUNCIONAMENTO DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN SALGUEIRIÑOS PARA PRESTAR O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NOS TERMOS MUNICIPAIS DE AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, PADRÓN, ROIS, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA.

Santiago de Compostela, de de dous mil sete
REUNIDOS

O Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O. Sr. D. Xosé Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1. Que as partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio .
- 2.- Que a Consellería Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación Provincial da Coruña, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra con data do 27 de setembro de dos mil un aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros do parque de bombeiros de Santiago de Compostela, con extensión do seu ámbito de actuación a todos os concellos relacionados.
- 3- Que, ó abeiro do citado convenio-marco, e tal como se sinalaba na cláusula novena, para a execución das previsións contidas nel faciáanse necesarios convenios de desenvolvemento, tanto no referido á dotación de equipamentos como á dotación de medios humanos e para a construción dun novo Parque Comarcal.
- 4- Que o convenio marco quedou modificado polo asinado no mes de decembro de 2004.
- 5.- En execución do convenio marco asináronse xa tres convenios de desenvolvemento, dous referidos á dotación de vehículos contraincendios e un máis referido a construción do edificio do novo parque de bombeiros en Salgueiriños.

Por todo isto e co fin de establecer as condicións de colaboración necesaria e acadar o fin proposto, a Deputación e o Concello de Santiago, acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é asegurar o cumprimento da previsión contida na cláusula cuarta do convenio marco: "Ampliación do cadro de persoal do Parque de Bombeiros de Santiago" para a conversión en parque comarcal de bombeiros do parque de bombeiros de Santiago de Compostela, con extensión do seu ámbito de actuación a todos os concellos relacionados

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DO INCREMENTO DO CADRO DE PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO

O cadro de persoal do corpo de Bombeiros de Santiago con anterioridade á sinatura do convenio marco para a construción dun novo parque era de 57 bombeiros.

O convenio marco, modificado na súa redacción polo asinado o 29 de decembro de 2004, establecía unha previsión de incremento do referido cadro de persoal en 19 bombeiros máis para dar servizo ós concellos relacionados no convenio.

A porcentaxe de financiamento do incremento dos gastos de persoal do parque de bombeiros de Santiago queda fixado de acordo coas seguintes porcentaxes:

- | | |
|--|-----|
| - Deputación Provincial | 40% |
| - Xunta de Galicia | 40% |
| -Concellos Ames, Boqueixón, Brión, Padrón,Rois, Teo Val do Dubra e Vedra | 20% |

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO DO INCREMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SALGUEIRIÑOS

En consonancia coa previsión do convenio marco, acórdase o financiamento do incremento que experimentan os gastos correntes derivados do incremento do cadro de persoal do parque na mesma proporción que supón o incremento dos 19 bombeiros, o que representa o 33,33 %.

De acordo cos datos incorporados no convenio asinado o 29 de decembro de 2004 os gastos de funcionamento do parque ascenderon á cantidade de 127.772. Polo tanto a Deputación Provincial da Coruña asume o financiamento do incremento proporcional derivado do

incremento do cadro de persoal do parque dende a data na que o parque comezou a prestar o servizo ós concellos mencionados no presente convenio e na proporción na que foi incrementándose o cadro de persoal de bombeiros. A cantidade que supón o incremento, referida ao exercicio 2004 foi de 42.586 euros (33%) dos gastos de funcionamento), correspondéndolle da referida cantidade 17.034 euros (40%) á Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, outros 17.034 euros (40%) á Deputación Provincial da Coruña e 8.517 euros (20%) o conxunto dos concellos mencionados no presente convenio. Porén, esta achega farase efectiva para o período 2003-2007 conforme aos conceptos e importes que se detallan na cláusula cuarta do presente convenio.

CUARTA.- DETALLE DAS ACHEGAS REFERIDAS AO PERÍODO 2003-2007 E ACHEGAS FUTURAS

No que se refire ás achegas correspondentes dos exercicios comprendidos no período 2003-2007 ás cantidades a subministrar pola deputación son as seguintes:

A Deputación Provincial da Coruña, comprométese a facer as seguintes achegas:

Exercicio 2003

Achega incremento de cadro de persoal	61.846,33€
---------------------------------------	------------

Exercicio 2004

Achega incremento de cadro de persoal	147.156,61€
---------------------------------------	-------------

Exercicio 2005

Achega incremento de cadro de persoal	151.302,30€
incremento gastos correntes	12.028,19€

Exercicio 2006

Achega incremento de cadro de persoal	181.283,55€
Achega incremento gastos correntes	14.871,94€

Exercicio 2007 (TRIMESTRES 1 A 3)

Achega incremento cadro de persoal	168.345,82
Achega incremento gastos correntes	14.041,74

Exercicio 2007 (ESTIMACIÓN 4º TRIMESTRE)

Achega incremento de cadro de persoal	70.308,30
Achega incremento gastos correntes	4.680,58
Total 2003-2007	825.865,36

A estimación do último trimestre do 2007 concretarase a través das certificacións a que refírese a cláusula sexta do presente convenio.

Para anos sucesivos as achegas provinciais referidas ao incremento do gasto derivado do incremento da cadro de persoal aboaranse contra a certificación dos gastos expedida para cada exercicio polo concello. As achegas provinciais referidas ao incremento do gasto

corrente de funcionamento do parque derivado do incremento da cadro de persoal determinarase mediante a aplicación do índice xeral de prezos ao consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística aplicado as importes definitivos do exercicio 2007, sempre que se manteña cuberta a totalidade da cadro de persoal prevista, noutro caso a determinación terá en conta como base o cadro de persoal real e efectiva.

QUINTA.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DE COMPROMISOS DO CONVENIO MARCO

O Concello de Santiago de Compostela realizou, en cumprimento do establecido nos convenios marco e de desenvolvemento para a construción do novo parque de bombeiros de Santiago a cobertura das 19 novas prazas de bombeiros do cadro de persoal previstas no convenio marco. O parque de bombeiros xa comezou a prestar servizo aos concellos relacionados na cláusula segunda desde o ano 2003 de conformidade coa acreditación realizada polo Concello de Santiago, mediante certificación expedida polo secretario do goberno municipal.

SEXTA.- PAGAMENTO

O pagamento da achega financeira da Deputación Provincial da Coruña realizarase contra a presentación da certificación da Intervención do concello detallada por conceptos e das liquidacións dos gastos derivados do incremento da cadro de persoal e do incremento dos gastos de funcionamento. A achega provincial ingresarase contra as liquidacións trimestrais do Concello de Santiago, nos dous meses seguintes á recepción da documentación referida no apartado anterior. Todas as liquidacións deberanse expedir de acordo co previsto no convenio marco e no presente convenio.

No suposto de non xustificarse a totalidade do gasto previsto, minoraranse as achegas das partes aplicando o coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado.

Se para a realización do obxecto do presente convenio o Concello de Santiago tivese calquera outra subvención ou axudas doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega provincial, de tal forma que a suma das subvencións concorrentes non superen o gasto da actividade xustificada. A tal fin, xunto coa documentación citada no parágrafo primeiro acompañarase da certificación da Intervención do concello das axudas ou subvencións obtidas ou a declaración de non obterse ningunha distinta das referidas ao obxecto concreto do presente convenio.

As actuacións que en materia económica se deriven do presente convenio deberán contar coa previa fiscalización dos órganos correspondentes, quedando, por tanto, sometidas á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

No prazo dos quince días seguintes á sinatura do presente convenio de colaboración constituirase unha comisión para garantir o seu correcto seguimento. A comisión estará integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, e velará polo seu seguimento, así como de resolver todos os problemas que poidan xurdir na interpretación do presente convenio.

OITAVA.- PRAZO DE VIXENCIA

O presente Convenio estenderá a súa vixencia de acordo cos termos establecidos na cláusula novena do convenio marco entre A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMON. LOCAL, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO, AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, PADRON, ROIS, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA SOBRE O PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS formalizado en documento administrativo o 27 de setembro de 2001 (convenio nº 136/2001) e a súa modificación formalizada en documento administrativo nº 334/2004 o día 29 de abril do 2004.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

Son cláusulas de resolución do presente convenio:

1.-O seu incumprimento total ou parcial.

2.-O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

DÉCIMA.-NATUREZA XURÍDICA

O convenio ten natureza administrativa, polo que sen prexuízo do previsto nas súas cláusulas, as cuestións que puidesen formularse na súa aplicación deberán resolverse pola xurisdición contencioso-administrativa.

En todo caso, e con carácter xeral, para a resolución das dúbidas interpretativas que puideran presentarse respecto do presente convenio, acudirase aos principios establecidos no Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2000 do 16 de xuño e o resto do ordenamento xurídico administrativo –Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno da deputación en sesión

Así o din, asinan e outorgan por exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo: Xosé Sánchez Bugallo

Facultar ao presidente desta deputación para a realización de todas as actuacións necesarias para a execución deste convenio.”

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA, S.A. PARA FINANCIAR UN PROGRAMA DE MELLORA DO IMPACTO VISUAL SOBRE INSTALACIÓN ELÉCTRICAS DE BENS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL OU MONUMENTAL.

INTERVENCIONES

Sr. López Varela

A favor neste punto o Partido Popular. Simplemente queriamos facer unha suxestión que nos parece que sería conveniente facer un estudo sobre outras empresas subministradoras de enerxía que actúen na provincia, e mantendo a cantidade económica que vai neste convenio con Fenosa, que se estude e que se lle dea a posibilidade a outras empresas subministradoras, propoñendo o crédito suficiente para que teñan a posibilidade tamén de participar neste tipo de convenios.

Sr. Nogueira Fernández

Comunicarlle que, efectivamente, noutro Pleno, dentro de dous meses, traerase o convenio con outra asociación eléctrica, que é APIME, paréceme que é, que agrupa a todas as outras eléctricas que non son Unión Fenosa, estase en negociacións con eles e tráese primeiro o de Unión Fenosa porque é co primeiro que se falou, pero tívose desde hai un ano negociacións coa outra asociación tamén, e estamos pendentes de chegar ao retoque e ao mesmo convenio, parecido ao que se trae con Unión Fenosa, traelo ao seguinte Pleno.

ACORDO

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e Unión Eléctrica Fenosa Distribución, S.A. para financiar un programa de mellora do impacto visual sobre instalacións eléctricas de bens de carácter institucional ou monumental, con cargo á partida 0305/454B/770.00, nº de operación 220070051635 e cuxo texto é:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA DISTRIBUCION S.A. PARA FINANCIAR UN PROGRAMA DE MELLORA DO IMPACTO VISUAL SOBRE AS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN BENS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL OU MONUMENTAL

A Coruñade.....de 2007

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, na súa representación e no uso das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local) e na Lei 5/97, da administración local de Galicia.

Doutra parte o Ilmo. Sr. D., na condición de, con DNI nº actuando en nome e representación de UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. en virtude das competencias que ten atribuídas polos seus estatutos.

As partes que interveñen recoñécense, reciprocamente capacidade legal para subscribir o presente convenio e asumindo as obrigas e dereitos derivados del.

EXPOÑEN

1.- Que é interese das partes asinantes do presente documento, desenvolver actuacións conxuntas para a eliminación ou minimización do impacto visual e/ou estético de determinados tendidos ou instalacións eléctricas, que afecten a aquelas edificacións que polas súas características singulares ou polo seu valor arquitectónico sexan cualificados cun interese institucional, histórico ou artístico ou declaradas como tal, favorecendo así a integración destas instalacións na contorno que as rodea.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes;

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Este convenio aplicarase ás edificacións do ámbito xeográfico da provincia da Coruña que, cumprindo cos requisitos especificados no expoñendo, sexan designadas pola Comisión constituída de acordo coa cláusula sétima e seguindo as directrices indicadas nela.

Para corrixir a situación das acometidas e/ou as instalacións grampadas sobre as fachadas destas edificacións procurarase a realización de recuados subterráneos, podendo non obstante contemplar, naquelas solucións que así se aconsellen, a realización de recuados aéreos.

SEGUNDA.- FORMA DE PAGO

A Deputación da Coruña materializará a súa contribución facéndose cargo do custo proporcional do 70% do orzamento das obras necesarias acordadas.

A achega provincial librarase ás empresas, en pagamentos proporcionais ás cantidades xustificadas e previa acreditación dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación das correspondentes certificacións de obra. Para estes efectos, a porcentaxe de financiamento provincial á obra queda establecido no 70% do total a que ascende a suma das actuacións anteditas.

TERCEIRA.- ACCIÓNS QUE SE HAN DESENVOLVER

A determinación das actuacións a executar será realizada pola Comisión de seguimento do programa que aprobará os proxectos ou memorias presentados por **UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA DISTRIBUCION S.A** Os proxectos redactados por **UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA DISTRIBUCION S.A** serán aprobados polos concellos respectivos con anterioridade a súa consideración pola comisión de seguimento.

A concesión das achegas realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Presidencia, por proposta motivada da Comisión de Seguimento e requirirá informe do Servizo de Fomento, no que se reflecta que da información que consta no seu poder, se deriva que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás achegas.

Valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das achegas determinarase unha vez considerados os investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

Interese das actividades ou investimentos: ata 20 puntos, dos que 10 como mínimo concederanse en función da prioridade sinalada polo solicitante na petición.

Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ata 10 puntos.

Coefficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 35 puntos.

Adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ao interese provincial: ata 35 puntos.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

A contribución de UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA DISTRIBUCION S.A .materializarase asumindo esta empresa a xestión dos permisos necesarios para levar a cabo as actuacións que para o período de vixencia do convenio acorden as partes, a dirección e supervisión das obras que procedan e plans de seguridade preceptivos, e realizando, ao seu cargo, os proxectos e estudos necesarios para a execución dos recuados que requiran as ditas actuacións.

A compañía eléctrica realizará cos seus propios medios ou contratados a totalidade das obras presupostadas que se deriven dos termos establecidos no presente convenio.

Os concellos afectados contribuirán coa realización da obra civil a executar, entendendo por tal, a apertura e cerre de gabias e canalizacións, a apertura de ocós e formigonado de postes, e se houbera luminarias de alumado público, estes levarán a cabo a súa retirada e traslado.

A Deputación Provincial da Coruña financiará a execución dos proxectos nos termos establecidos na estipulación seguinte:

QUINTA.- FINANCIAMENTO

En termos económicos a compañía eléctrica contribuirá co trinta por cento (30%) do custo destas actuacións segundo o orzamento establecido. Ademais os concellos asumirán a execución da obra civil de acordo co previsto na cláusula cuarta. A Excm. Deputación da Coruña contribuirá co setenta (70%) restante. Para tal efecto a deputación realiza a seguinte previsión:

Achega provincial prevista para a anualidade 2007 200.000 €

SESTA XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

6.1.- Prazo de xustificación.-

As achegas provinciais aboaráselle á compañía logo da acreditación da execución das obras.

O prazo para remitir por parte de UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA DISTRIBUCION S.A. a relación de investimento a executar finalizará o día 30 de maio de 2008, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou a proposta razoada da unidade xestora.

O prazo para realizar a xustificación da execución das obras, ante a deputación mediante a presentación das oportunas certificacións de obra, finalizará o 30 de novembro de 2008, se ben poderá ampliarse por solicitude da compañía ou a proposta razoada da unidade xestora.

Se non se presentara a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final seralle notificada á entidade e á Intervención provincial para o seu reflexo contable.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2008.

6.2.- Consideracións xerais.-

6.2.1.- As achegas aboaranse despois da xustificación das obras.

6.2.2.- Para os efectos de xustificación das achegas, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto estimativo de gastos.

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dará lugar ao presuposto subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención, é dicir:

Orzamento subvencionado = Importe subvención concedida

Cf

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da deputación, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado será a suma das subvencións.

6.2.3.- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

6.2.4.- Para o cobramento da achega as empresas deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art. 170.2, Lei 39/1988, reguladora das facendas locais), situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Así mesmo, as empresas deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola deputación en virtude da autorización dada pola entidade.

6.2.5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da achega, e en todo caso a obtención concorrente de achegas doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á súa modificación.

6.2.6.- O beneficiario queda obrigado a facilitar canta información relativa ás obras obxecto do presente convenio lle sexa requirida pola deputación e demais órganos de control externo e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria e, no seu caso, ao disposto no Código Penal.

6.3.- Documentación xustificativa.-

A compañía tras a sinatura do convenio presentará os proxectos técnicos nos que queden perfectamente definidas o contido detallado das actuacións a executar. Os proxectos acompañaranse da documentación acreditativa da autorización a execución dos proxectos polas administracións competentes: licenza municipal, autorización da Consellería de Cultura e as que sexan de preceptiva aplicación.

Para o cobramento da achegas, **UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA DISTRIBUCION S.A** deberase presentar a seguinte documentación:

6.3.1.- Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da achega mediante a realización das actividades ou investimentos para as que foi concedida.

6.3.2.- Relación detallada das achegas ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras achegas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

6.3.3.- Acreditación da execución das obras, da forma seguinte:

Mediante a presentación da certificación e relación valorada subscriba por técnico colexiado competente, que incorporará os gastos xerais, beneficio industrial e IVE

6.4.- Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada e previos os informes da Sección de Promoción Económica e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento das achegas.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da achega e pagamento dela, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presuposto , aboarase a totalidade da achega.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do presuposto , aboarase a parte proporcional .
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto, non se considerará cumprida a finalidade básica da achega, co que non se aboará cantidade ningunha.

O aboamento da achega materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

SETIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha Comisión paritaria integrada por dous representantes de cada unha destas asinantes do convenio e que terá como obxectivo fundamental a definición das obras a executar, das que sexan propostas anualmente por cada concello, e o seguimento das actuacións que se deriven do presente convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia ata o 15 de decembro de 2008 contando dende a súa sinatura. As partes poderán ampliar a vixencia do convenio, ata o 15 de decembro de 2009 se así o acordasen os órganos competentes e previa a oportuna formalización da devandita ampliación.

NOVENA.- CAUSA DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase por resolución, por conclusión ou polo seu cumprimento.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

En virtude do disposto no artigo 3.1 a) e d) Real decreto legislativo 2/200 do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, o presente convenio de colaboración queda fóra do ámbito de aplicación da dita normativa, regulándose polas normas contidas nel e no previsto nelas pola lexislación do réxime local vixente.

As cuestións litixiosas, que poidan derivarse del dada a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Para o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno da deputación en sesión

Así o din, asinan e outorgan por exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POR PARTE DE **UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA**
DISTRIBUCION S.A

Asdo:

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Facultar ao presidente desta deputación para a realización de todas as actuacións necesarias para a execución deste convenio. “

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN CAIXA GALICIA-CLAUDIO SAN MARTÍN PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA PROVINCIA DA CORUÑA 2007-2013.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e a Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín para o desenvolvemento e execución do plan Estratégico da provincia da Coruña 2007-2013, con cargo á partida 0104/560A/22706, nº de operación 220079000444, cuxo texto é:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN CAIXA GALICIA-CLAUDIO SAN MARTIN, PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O PERÍODO 2007/2013.

A Coruña, de de dous mil sete, na sede da Excm. Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS:

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, en adiante Deputación, con CIF P1500000C e domicilio social en Avenida Alférez Provisional, s/n, da Coruña, actuando en nome e representación de devandita entidade, asistido polo seu secretario xeral, D. José Luis Almau Supervía.

O Excmo. Sr. D. José María Barja Pérez, reitor magnífico da Universidade da Coruña, en adiante UDC, con CIF Q6550005J e domicilio social na rúa da Maestranza, 9, da Coruña, actuando en nome e representación da devandita entidade.

O Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en adiante USC, con CIF Q1518001A e domicilio social na Praza do Obradoiro, s/n, de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da devandita entidade e do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia, en adiante IDEGA.

O Excmo. Sr. D. José Luís Méndez López, vicepresidente da Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín, en adiante Fundación, con CIF G15169188 e domicilio social na Rúa Nova, 30, da Coruña, actuando en representación da devandita entidade

EXPOÑEN:

I.-Que a Deputación ten entre as súas principais competencias a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións públicas neste ámbito e, en xeral, o fomento e administración dos intereses xerais da provincia da Coruña, procurando a potenciación e desenvolvemento sostible das súas bases económico-sociais, tanto en materia de infraestruturas e servizos aos concellos, como no afianzamento e diversificación dos distintos sectores produtivos que conforman o tecido social e empresarial do seu territorio.

II. Que a USC e UDC son institucións de dereito público que levan a cabo actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que teñen como un dos seus fins a investigación en materias que afecten ao desenvolvemento económico de Galicia e unha mellor estruturación social desta.

III. Que a Fundación é unha persoa xurídica privada, de natureza fundacional e de interese galego, que ten o carácter de obra social propia da Caixa de Aforros de Galicia. Foi constituída co obxecto de consagrar as súas actividades á acción cultural en calquera das súas posibles manifestacións, o que leva a efecto na práctica por medio da realización de múltiples e diversas actuacións, na liña das contidas no Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo e no Decreto do Consello da Xunta de Galicia 261/1999, do 17 de setembro, polo que se desenvolve a regulación da obra benéfico social de Caixas de Aforro de Galicia

IV. Que o servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e UE, en adiante Planificación/UE, é a unidade provincial que ten atribuída e desenvolve, entre outras, as competencias nos ámbitos da planificación estratéxica e o desenvolvemento local, así como a xestión e coordinación de proxectos europeos no territorio provincial.

V. O IDEGA é un centro da Universidade de Santiago que ten como principais obxectivos a realización de proxectos de investigación básica e aplicada no ámbito das ciencias sociais, tanto sobre os problemas de desenvolvemento económico do pasado como do presente, con especial atención á realidade social e económica de Galicia

VI. Que, para a consecución dos fins referidos no expositivo I anterior, a Deputación formalizou os oportunos convenios coas institucións citadas para a elaboración do Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013, en adiante Plan estratéxico, a través dos convenios seguintes:

1. Convenio de Colaboración coa Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Caixa Galicia, para a elaboración do Plan estratéxico, nº 318/2004 do 17/12/2004.2. Convenio nº 59/2005 do 19/05/2005 coa Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Caixa Galicia desenvolvendo o Convenio nº 318/2004.3. Convenio nº 83/2005 do 14/06/2005 coa Universidade da Coruña e a Fundación Caixa Galicia desenvolvendo o Convenio nº 318/2004.

VII. Que o Plan estratéxico foi aprobado polo Comité de Dirección e pola Dirección Executiva en ambas reunións realizadas o pasado día 24/04/2007.

VIII. Que se fai necesario continuar a actividade realizada, e iniciar unha nova etapa encamiñada á eficaz execución, ao puntual seguimento e á axeitada avaliación da xestión e aplicación do Plan estratéxico.

IX. Que, en virtude de canto queda exposto, e cumprindo a vontade das entidades a que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

I.-OBXECTO

É obxecto do presente convenio a realización dun proxecto de investigación encamiñado á eficaz execución, ao puntual seguimento e á axeitada avaliación para a xestión e aplicación do Plan estratéxico. O referido proxecto comprenderá entre outros: a actualización periódica dos diagnósticos, obxectivos estratéxicos e accións formuladas, a elaboración de proxectos para obter o financiamento dos Fondos Europeos, así como un informe sobre as accións necesarias para a súa aprobación, execución e xustificación.

II. CONTIDO

O presente convenio ten por finalidade a realización das actividades que a seguir se indican:

A) A posta en práctica das accións estratéxicas propostas no plan, que supoñerá, pola súa vez, a realización das seguintes tarefas:

- Elaboración dunha proposta metodolóxica para impulsar a execución do Plan estratéxico.
- Preparación das propostas priorizadas, tecnicamente motivadas e axeitadamente territorializadas das intervencións a realizar no marco do Plan estratéxico, por períodos bianuais anticipados e coa previsión da substitución destas diante da inviabilidade sobrevida, ou da súa ampliación pola dispoñibilidade de recursos económicos incorporados.
- A determinación dos actores sociais e das Administracións públicas, nacionais ou estranxeiros, que deban participar na definición, xestión, execución, seguimento e avaliación das intervencións propostas para cada bienio e a elaboración dos anteprojectos dos convenios oportunos.
- A elaboración das prescricións técnicas necesarias para a encomenda dos proxectos técnicos correspondentes, avaliación do seu custo e determinación das fontes de financiamento públicas ou privadas e, se é o caso, para a asistencia técnica oportuna.

- A determinación dos trámites necesarios para obter as licenzas e autorizacións preceptivas e os compromisos de xestión ou achega dos axentes públicos ou privados participantes que sexan necesarios para garantir a viabilidade xurídica, económica e técnica das intervencións seleccionadas.
- A elaboración da documentación e a realización da tramitación que requira a aprobación e financiamento administrativo preceptivo.
- A dirección e coordinación das intervencións a partir da perspectiva do seu adecuado deseño e correcta e puntual xustificación diante dos entes públicos ou privados participantes e/ou cofinanciadores.
- A emisión de informes de xestión, avaliación e seguimento que permitan coñecer o estado de execución dos programas e intervencións aprobados.
- A formulación de propostas de acción encamiñadas a optimizar a execución das intervencións seleccionadas e á consecución dos obxectivos estratéxicos contidos no plan.
- Actualización do Plan de comunicación e realización de propostas para as accións previstas nel.
- Actualización permanente da páxina web do plan, preparación de notas de prensa, cursos, conferencias, actividades informativas, reunións e presentacións, revistas, anuncios, etc., de tal forma que se garanta a maior difusión posible das actividades do Plan estratéxico.
- Proponer un plan de acción que promovan a participación cidadá e dos grupos e asociacións en que se integran.

B) Conforme co indicado no apartado anterior, a elaboración dos proxectos de actuación que así se determinen polo Comité de Dirección do Plan, a súa presentación diante das entidades públicas que correspondan coa finalidade de obter o seu financiamento, principalmente a correspondente aos fondos europeos e, se é o caso, a súa execución e xustificación.

C) O seguimento e avaliación das accións previstas no Plan estratéxico, que implicará a execución das actividades que a seguir se indican:

- Elaboración dos informes de avaliación (inicial, anual, intermedio e final) sobre a xestión e execución dos programas e intervencións propostas tratadas e sobre o grao de consecución dos obxectivos estratéxicos contemplados no plan.
- Confección periódica e comparativa dos indicadores, índices e demais instrumentos de análises e valoración que sexan necesarios ou convenientes para o seguimento e avaliación das intervencións realizadas.
- O seguimento económico, financeiro, orzamentario e técnico das intervencións co fin de poder realizar en cada momento as xestións necesarias para a súa correcta execución no prazo previsto e para garantir a xustificación destas en condicións e prazos axeitados aos compromisos subscritos.
- A detección e diagnóstico en tempo e forma das desviacións entre as previsións e os obxectivos programados e as realizacións e obxectivos acadados.
- A proposta de medidas correctoras e a adecuación dos obxectivos programados diante das desviacións detectadas.

·A formalización de cantos documentos, formularios ou informes requiran os compromisos adquiridos con outros axentes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.

D) A actualización periódica dos diagnósticos, obxectivos, estratexias, e accións contidas no Plan estratéxico, que requirirá a realización dos seguintes cometidos:

· No primeiro trimestre de cada exercicio realizarase unha valoración dos obxectivos programados e acadados no período anterior, e os pendentes de lograr, acompañada dun informe sobre as causas das desviacións, se as houber, e unha proposta de medidas correctoras, se é o caso.

. No devandito informe analizaranse as modificacións acaecidas na contorna operativo (modificacións normativas, económicas, orzamentarias, financeiras ou técnicas) e avaliaranse as súas consecuencias nos prazos e condicións previstos para os obxectivos estratéxicos iniciais.

. Diante da inviabilidade sobrevida dunha intervención, ou en previsión de posibles economías de execución estará prevista a súa substitución por outra ou outras equivalentes.

III. ORGANIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN, SEGUIMENTO E ACTUALIZACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO.

Para levar a cabo as actuacións que constitúen o obxecto e contido do presente Convenio contarase cos seguintes órganos:

III.1. O Comité de dirección do Plan

Órgano colexiado coa seguinte composición, funcións e normas de funcionamento

III. 1.a) Composición:

- Presidente da Deputación, que o presidirá.
- Deputados dos Grupos Políticos provinciais.
- 1 técnico coordinador do desenvolvemento do plan.
- 2 representantes da Fundación.
- Representante da USC.
- Representante da UDC.
- Secretario xeral da Deputación.
- Interventor xeral da Deputación.
- Xefe de Gabinete da Presidencia da Deputación.
- Secretario da Comisión: xefe de Planificación/UE.
-

III.1.b) Funcións:

- Coñecer e informar todas as propostas do técnico-coordinador do desenvolvemento do plan.
- Aprobar os documentos de desenvolvemento do plan.
- Propoñer a preparación e realización de proxectos e actividades.
- Realizar ou supervisar informes periódicos.
- Realizar avaliacións temporais.
- Formular propostas de actualización.
- Establecer os obxectivos trimestrais a realizar polo técnico-coordinador do desenvolvemento do plan e avaliar coa mesma periodicidade o seu cumprimento.

III. 1.c). Normas de Funcionamento:

- Celebración de polo menos unha reunión trimestral.
- As convocatorias realizaraas o secretario da Comisión a indicación da Presidencia.
- As propostas formularaas a Presidencia e os acordos adoptaranse por consenso. No caso de realizarse votación, o voto da Presidencia decidirá os casos de empate.
- Poderán asistir ás reunións os técnicos provinciais que expresamente indique a Presidencia.

→

III.2. Dirección Técnica do Plan:

→

III.2.a) Composición:

- A USC, a través do IDEGA, será a encargada da contratación das persoas necesarias para levar a cabo as tarefas que correspondan para a dirección técnica e coordinación do plan de acordo cos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.
- O equipo de traballo da Dirección Técnica estará formado como mínimo por un investigador principal da USC e un técnico - coordinador do desenvolvemento do plan, que será un profesional de recoñecido prestixio e cualificación. O persoal dependerá para todos os efectos da USC a través do IDEGA, e as súas actividades non supoñerán en ningún caso relación contractual ningunha con ningunha das restantes entidades asinantes do presente convenio.

III. 2.b) Funcións:

- Posta en marcha e dinamización do Plan estratéxico.
- Definición, seguimento, avaliación, asesoramento e impulso dos programas e intervencións previstos no marco do Plan estratéxico.

- Realización de informes e asesoramento nos labores de posta en marcha das intervencións estratéxicas.
- Deseño de programas, accións e intervencións.
- Demais actividades descritas na cláusula II.

→

III. 2.c) Asignacións á Dirección Técnica do Plan:

CONCEPTO DE GASTO	TOTAL	ANUALIDADE	
		2008	2009
Custos salariais	173.706 €	85.150 €	88.556 €
Auxiliar de apoio	59.568 €	29.200 €	30.368 €
Indemnizacións por desprazamentos	28.787 €	14.111 €	14.676 €
Gastos de oficina	21.227 €	10.405 €	10.822 €
TOTAL	283.288 €	138.866 €	144.422 €

III.3. Secretariado do plan

III.3.a) Composición:

Os labores de secretariado do plan serán exercidas polo responsable do servizo provincial de Planificación/UE e, se é o caso, polos técnicos de proxectos asignados a este servizo.

III.3.b) Funcións:

- Convocatorias do Comité de Dirección e elaboración das actas das sesións.
- Coordinación e seguimento do Plan estratéxico e das súas intervencións a nivel interno da Deputación e relación cos Servizos Provinciais.
- Comunicación e notificación de acordos, informes ou propostas de actuación aos destinatarios e interesados.

→

IV. ACTIVIDADES A DESENVOLVER.

En relación coa realización das tarefas e funcións que constitúen o obxectivo e contido do presente convenio, as distintas partes realizarán os cometidos que a seguir se indican:

- A Deputación asume o Secretariado do plan, o procedemento da intervención e o financiamento dos gastos oportunos cos límites e coas condicións establecidas na cláusula V do presente convenio.
- A Fundación, a través do seu Centro de Investigación Económica e Financeira (CIEF), prestará á Dirección Técnica e o asesoramento necesario para o desenvolvemento do plan, a implementación das estratexias e medidas e o seu seguimento. Complementariamente poñerá a disposición da Dirección Técnica todos os estudos e informes que realiza periodicamente sobre a economía galega. Ademais, a Fundación subministrará o espazo, o mobiliario e os medios necesarios na cidade da Coruña para situar a sede da Dirección Técnica. A USC e a UDC designarán aos profesores-colaboradores, que percibirán unha asignación por cada informe ou participación que lle sexa requirida polo Comité de Dirección por proposta da Dirección Técnica.

·A USC, a través do IDEGA, asume a Dirección Técnica do plan.

V. ORZAMENTO, ACHEGAS E FORMA DE PAGAMENTO O orzamento das actividades descritas ascende a un total de 379.840 € que se analiza nos seguintes conceptos:

CONCEPTO DE GASTO	TOTAL	ANUALIDADE	
		2008	2009
Profesores colaboradores	79.333 €	38.889 €	40.444 €
Custos salariais	173.706 €	85.150 €	88.556 €
Auxiliar de apoio	59.568 €	29.200 €	30.368 €
Desprazamentos	28.787 €	14.111 €	14.676 €
Gastos de oficina	21.227 €	10.405 €	10.822 €
Outros gastos (5%)	17.219 €	10.277 €	6.942 €
TOTAL	379.840 €	188.032 €	191.808 €

O orzamento establecido cubrirase coas seguintes achegas:

ENTIDADE	ACHEGAS	ANUALIDADES	
		2008	2009
	IMPORTE		
DEPUTACIÓN	326.442,83 €	130.576,67 €	195.866,16 €
FUNDACIÓN	53.397,17 €	27.841,61 €	25.555,56 €
TOTAL	379.840,00 €	158.418,28 €	221.421,72 €

O importe dos gastos xustificadas libráraos a Deputación á USC, a través do IDEGA e á UDC, nas proporcións que a cada unha destas entidades lle correspondan, que serán establecidas polo investigador principal, unha vez se concrete a distribución dos traballos entre ambas universidades. Para estes efectos, o técnico-coordinador elaborará un informe sobre a evolución dos traballos por trimestres vencidos, acompañado da seguinte documentación:

- Memoria detallada das actividades desenvolvidas segundo a estipulación II subscrita polo técnico-coordinador e aprobada polo Comité de Dirección.
- Certificación detallada de gastos do trimestre emitida por cada unha das universidades, co detalle polos conceptos indicados no orzamento, identificación do receptor e dos importes individualizados.

Os pagamentos que realice a Deputación, que acadarán como moito o 86% do importe das certificacións de gasto presentadas, requirirán en todo caso o informe favorable do Servizo de Planificación/UE e da Intervención Xeral. Dos pagamentos realizados darase conta ao servizo de Patrimonio e Contratación.

VI. REXIME XURÍDICO, INTERPRETACIÓN E MODIFICACIÓNS.

O presente convenio rexerese polo disposto nel e na normativa nacional aplicable, principalmente polo Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, e as súas correspondentes normas de desenvolvemento.

As lagoas ou diverxencias que se puidesen apreciar na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente o Comité de Dirección do plan, pero diante da falta de acordo dentro dos quince días hábiles seguintes aos da formulación da cuestión a integrar, interpretar ou resolver, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimar oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas ao foro xurisdiccional dos órganos da administración de xustiza que foren competentes no ámbito da Coruña.

VII. TITULARIDADE DA PROPIEDAD INTELLECTUAL

A propiedade dos estudos, traballos, propostas, proxectos, resultados e conclusións que deriven do desenvolvemento do presente convenio corresponderán exclusivamente á Deputación, se ben as universidades e a Fundación poderán dispoñer de aqueles nos termos que determine o Comité de Dirección.

VIII. PUBLICIDADE DAS PARTICIPACIÓNS

O nome e anagrama da Fundación e das Universidades figurarán, de maneira visible e ocupando un espazo similar ao que ocupen os da propia Deputación, en todas as actuacións obxecto da colaboración pactada no presente convenio, así como en todos os medios que se empreguen para anunciar ou dar a coñecer as ditas actuacións.

IX. VIXENCIA, PRÓRROGA E ACTUALIZACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2009, prorrogable expresamente, 2 meses antes do seu vencemento, por anos naturais ata un máximo de 2 anos máis. Non obstante, a súa eficacia quedará supeditada ao cumprimento da condición suspensiva de existencia de crédito no orzamento provincial, adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas daquel no exercicio correspondente, de conformidade co disposto nos apartados 3º e 4º do artigo 69 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

No caso de prórroga o orzamento actualizarase mediante a aplicación do IPC xeral do período anual anterior.

X. INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de Presidencia número

E, e en proba dá súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA O REITOR MAGNIFICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda
O REITOR MAGNIFICO DA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA
Asdo.- Senén Barro Ameneiro

Asdo.: José María Barja Pérez
O VICEPRESIDENTE DA FUNDACION CAIXA GALICIA
CLAUDIO SAN MARIN
Asdo.- José Luis Méndez López

Facultar ao presidente desta Deputación para a realización de todas ás actuacións necesarias para a execución deste convenio”

12.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA TAREFAS RELACIONADAS COA CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FEDER PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE O PERÍODO 2007-2013.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Vista a resolución do 11 de decembro de 2007, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se amplía o prazo previsto para a presentación de solicitudes de axuda do Fondo Social Europeo e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria de 2007, aprobadas mediante resolución do 7 de novembro de 2007.

1.- Modificar o texto do convenio de colaboración subscrito entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para realizar as tarefas relacionadas coa convocatoria de axudas do FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano, durante o período 2007-2013, que foi aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 2007.

A modificación está motivada pola ampliación do prazo de presentación das solicitudes de axudas do FEDER ata o 15 de febreiro de 2008, de acordo coa citada resolución do 11 de decembro de 2007, e afecta á cláusula terceira do convenio aprobado, en onde se regula o prazo de execución das distintas tarefas a realizar pola Universidade da Coruña, de forma que se amplían os prazos de realización das dúas primeiras tarefas. Xa que logo, o novo texto da devandita cláusula terceira do convenio queda como segue:

“3.- PRAZO DE EXECUCIÓN: A Universidade da Coruña dispoñerá dos prazos que se indican a seguir para a realización de cada unha das tarefas indicadas na cláusula 1:

a) 22 de xaneiro de 2008 para a presentación no Rexistro Xeral desta Deputación da documentación necesaria para participar nesta convocatoria.

b) 30 de abril de 2008 para a presentación no Rexistro Xeral desta Deputación dos pregos de prescricións técnicas necesarios para as actuacións a contratar na anualidade 2008.

31 de outubro de 2008 para a presentación dos pregos de prescricións técnicas necesarios para as actuacións a contratar nas anualidades 2009 e seguintes.

c) Dada a natureza da tarefa de realizar o seguimento xeral dos proxectos estratéxicos, o seu prazo abranguerá a partir do inicio da súa execución ata o seu remate.”

2.- Comunicar o contido deste acordo á Universidade da Coruña, coa finalidade de asinar un novo convenio en onde se recollan as modificacións indicadas no apartado 1.- deste acordo.

3.- Facultar ao presidente desta Deputación para realizar todas as actuacións necesarias para a execución deste convenio. “

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES PARA FINANCIAR OS GASTOS DE MANTEMENTO DO PERSOAL DO FOGAR DE ACOLLIDA DE PERSOAS MAIORES-RESIDENCIA DOMSELAAR.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Fogar Galego para anciáns de Bos Aires para financiar os gastos de mantemento do persoal do Fogar de acollida de persoas maiores-residencia DOMSELAAR co cargo á partida 0104/463C/48901, nº de operación 220070051758, cuxo texto é:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES PARA FINANCIAR OS GASTOS DE MANTEMENTO DO PERSOAL DO FOGAR DE ACOLLIDA DE PERSOAS MAIORES -RESIDENCIA DOMSELAAR

A Coruña, de de 200...

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Rafael Gil Malvido, que intervén neste acto en nome e representación da Sociedade Civil “Fogar Galego para Anciáns”, cuxo domicilio social está na Avenida Moreno 1270 da cidade de Bos Aires (Arxentina), entidade sen ánimo de lucro constituída en 1.943 ao abeiro da lexislación da República da Arxentina, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo dos seus Estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Fogar Galego para Anciáns, en adiante Fogar Galego, é unha institución privada sen fins de lucro de carácter benéfico, constituída para a protección e socorro mutuo entre os asociados, entre cuxos fins figura o de prestar labor asistencial, de previsión e axuda en xeral para as persoas maiores.

Segundo. As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

Terceiro. A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, incluída a Arxentina, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarto. Sendo finalidade común a ambas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo quen máis sofre as consecuencias das crises económicas e, en moitos casos, impídelle dispoñer dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É xa que logo que ambas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que aturen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Mantemento do persoal do fogar de acollida Domselaar, de persoas maiores que están en situación de precariedade económica, durante 2007 e 2008.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a subministrar a cantidade de 50.000 € para asegurar o mantemento do persoal do servizo de acollida da residencia Domselaar durante 2007 e 2008, o que equivale ao 30,54 % do custo da actuación a financiar.

O Fogar Galego comprométese a que a residencia de acollida Domselaar realice a súa actividade atendendo axeitadamente ás persoas máis necesitadas e con menos posibilidades económicas.

O orzamento estimado desta actividade é o seguinte: soldos do persoal da Residencia Domselaar: 163.717 € (inclúense os soldos de persoal facultativo, enfermeiras, asistentes xeriátricas, encargadas, oficiais de mantemento, lavadeiras, cocineiras e persoal en xeral que presta os seus servizos no fogar de acollida).

No suposto en que a prestación non a realice a propia asociación, esta comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización da actividade, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada consonte cos criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación materializarase mediante transferencia bancaria á conta designada pola entidade, despois da sinatura do convenio e previa xustificación dos gastos realizados, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Informe do presidente da entidade no que se identifiquen as persoas beneficiadas pola axuda e os gastos realizados.
- Nóminas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na prestación de servizos na casa de acollida.
- Declaración doutras axudas recibidas para a mesma finalidade.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da Deputación, aboándose o 30,54 % da cantidade realmente xustificada. As correspondentes transferencias bancarias materializaranse tras os informes do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión europea, e da Intervención de Fondos Provinciais – Servizo de Fiscalización. Dos pagamentos que se realicen darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O Fogar Galego comprométese a:

1º: A comunicar a todos os seus socios o financiamento da actividade con cargo aos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, deixando constancia pública diso ao seu remate.

2º: A poñer en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da obra financiada. A achega da Deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor a partir da súa sinatura, e, agás circunstancias debidamente xustificadas, non producirá efectos máis aló de 31 de decembro de 2008.

QUINTA: INTERPRETACIÓN

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivadamente por acordo entre ambas partes, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicable, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Regulamento que a desenvolve, aprobado por Real decreto 887/2004, e nas Bases de execución do orzamento da deputación para 2007 e, se é o caso, 2008.

Calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimar oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas ao foro xurisdiccional dos órganos da administración de xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

QUINTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa de resolución do presente convenio e dará lugar, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas nel establecidas
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos nel determinados
- A falta de xustificación do emprego das cantidades percibidas.

No caso de solicitarse o reintegro, a aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputable á entidade beneficiaria.

Para todo o non previsto no presente convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE CIVIL
FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.: *Rafael Gil Malvido*

Facultar ao presidente desta Deputación para realizar todas as actuacións necesarias para a execución deste convenio”

14.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE “URXENTE OCUPACIÓN” Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0302 DE TEIXEIRO Á FALCONA, PK. 0.000 AO 3.850-CURTIS.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1.-Dar por cumprimentada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0302 DE TEIXEIRO Á FALCONA PK 0+000 A 3+850 (CURTIS)

2.-Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citada obra, tales como que:

- O trazado proxectado iníciase na intersección coa estrada da Castelá a Teixeira

AC231. O final do treito sitúase na intersección da EP-0302 coa EP-3203, Pena da Gándara-Burricios, que conecta os núcleos de Teixeira e Oza dos Ríos.

-Proxéctase unha obra de fábrica nova no PK 1+600, xa que non é suficiente para soportar a avenida dos 500 anos

- A sección tipo adoptada consiste en dúas calzadas de 3,50 metros cada unha, dúas beiravías de 1 metro, agás nas zonas illadas entre edificacións nas que se reduciu a beiravía a 0,5 ou se suprimiu
- Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgunhas zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno. Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos.
- O largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada arredor dos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís.
- A estrada discorre por zonas acusadamente rurais, actuando como vía distribuidora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas da contorna e ás diferentes explotacións gandeiras. A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.
- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras.
 - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos
 - Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

15.-CONVENIO COA FUNDACIÓN CICLISMO GALEGO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES QUE FOMENTEN O CICLOTURISMO NA PROVINCIA DA CORUÑA.

INTERVENCIONS

Sra. Farjas Abadía

Bos días, aproveitamos para desexarlles a todos os deputados un feliz Nadal e un ano 2008 xeneroso que esperamos que se cumpran os nosos desexos. Neste punto os membros do grupo do Partido Popular na Corporación, unha vez estudada a proposta de convenio, xuntaba a información complementaria, entre ela o informe de Fiscalización que se nos entregara coa documentación preparatoria coa Comisión de Deporte e Mocidade, e tendo en conta as observacións realizadas, tanto no informe de

Fiscalización como no de Patrimonio e Contratación, solicitan a retirada deste punto da orde do día.

Sr. Lagares Pérez

Bos días a todos e unirse á felicitación da voceira do Grupo Popular, desexando o mellor no aninovo e unhas boas festas. Este convenio reúne os informes, entendemos que favorables, por parte de Intervención, en virtude de que cumpre estritamente a Lei de subvencións e o regulamento que o desenvolve. Sempre hai excepcionalidades nas distintas subvencións nominativas, pero esas excepcionalidades deben logo de xustificarse debidamente de acordo cos informes que se fan referencia, tanto nos anexos que figuran neste punto, como o que marca a Lei e, polo tanto, nós aquí do que se trata é de, primeiro, subvencionar, non actividades profesionais, senón subvencionar o deporte base, como é o ciclismo. En segundo lugar, trátase dun club ciclista que a súa dimensión é superior a outros clubs ciclistas, polo tanto, a masa social de rapaces e rapazas que move é moi superior, e en virtude diso, e de acordo coa Federación Galega de Ciclismo, que ten asinado un convenio, o devandito convenio subministrou unha cantidade de 110.500 euros, entendemos que é viable seguir o trámite. Polo tanto, rogamos ao Partido Popular que non retire este tema e que lle dea o seu voto favorable.

Moitas grazas.

Sra. Farjas Abadía

O convenio que se trae a aprobación recolle a proposta de financiamento dalgunhas actividades realizadas pola Fundación Ciclismo Galego. A devandita proposta esixe, por motivos de contía, xa que a consideración de excepcionalidade, xa que supera o 50% que establece o Regulamento de Servizos de Corporacións Locais. “Tan só-, recolle-, “quedan excepcionadas aquelas que, non acadado o 80%”, neste caso non o acada, acada o 74,8%, con 150.000 euros, “teñan a consideración de excepcional interese público, motivado e acreditado”. Por outra parte, a Lei galega de subvencións establece os principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, que deben de rexer as concesións de subvencións e a posibilidade de outorgalas mediante concesións directas nominativas. En toda a documentación presentada non se inclúe, nin a motivación, nin a acreditación destas causas que xustifican a subvención nominativa. Tampouco atopamos a xustificación da imposibilidade ou non conveniencia de que a Fundación Ciclismo Galego participase nas convocatorias de axudas e subvencións, tanto a entidades de deporte federado, axudas a concellos para actividades deportivas ou de subvencións a entidades deportivas.

Neste punto queremos resaltar varios datos que cremos de especial relevancia. Por unha parte o conxunto dos clubs ou peñas ciclistas da nosa provincia mereceron no 2007 axudas que acadan a 56.685 euros, con subvencións que van desde 398 a 8.497. A subvención, lémbrolles, que hoxe se propón conceder mediante convenio acada

150.000 euros, quero dicir, unhas diferenzas absolutamente desproporcionadas. Aínda máis significativo é o dato comparativo entre a contía total destinada ao financiamento de todas as actividades de deporte federado de calquera deporte da nosa provincia, que ascenderon a 216.000 euros. E así mesmo, contrasta, por exemplo, a contía concedida á Federación Galega de Ciclismo, 110.00, fronte a esta proposta que acada os 150.000.

Por último, para nós o aspecto máis importante que traemos a reconsideración é o obxectivo fundamental que deben de perseguir as actuacións desta Deputación como é o fomento do deporte base e o deporte afeccionado, non do deporte xeral, e non a actividade de deportistas profesionais como é o caso do Club Karpin Galicia.

Por todo iso, os membros do Grupo Provincial do Partido Popular entenden que nin as actividades, nin a finalidade do convenio, nin a contía, nin o procedemento cumpren os requisitos legais e os obxectivos sociais que a Deputación Provincial da Coruña debe de cumprir e buscar. Por todo o anteriormente exposto, imos dar o noso voto negativo a este punto da orde do día.

Sra. Pérez Fernández

Bos días a todos e a todas, evidentemente, tamén sumarnos e facer extensiva tamén a felicitación á que aludían tanto os voceiros do Partido Popular, como do Partido Socialista.

Eu, simplemente, á parte do que dixo o compañeiro do grupo de goberno e voceira tamén, dando as razóns legais que se extraen dos informes, onde evidentemente non parece que se atope absolutamente nada que poida facernos interpretar que esta subvención, que esta colaboración da deputación ten algún problema legal, á parte de incidir niso, teño tamén que dar outra argumentación, e que eu creo que se está obviando aquí, supoño que non por ningunha razón específica.

Non se pode facer unha comparación, en principio, de todas as cantidades que, ben, témolas aí expostas nos informes, de todas as cantidades que se están dedicando no conxunto da provincia, por exemplo, ao ciclismo, ou incluso se vostedes queren, ao deporte en xeral, e con esta actividade en concreto, por unha razón moi fundamental, non se pode establecer a comparación, insisto, por unha razón moi fundamental e é que estas subvencións que figuran neste cadro, ou outras que non figuran neste cadro, pero si vostede fixo alusión a elas, son subvencións que só podemos falar delas en termos estritamente deportivos, e aquí estamos falando dunha actividade que ademais do deportivo ten tamén unha dimensión turística, que é tamén, por iso precisamente se fala de cicloturismo, e non de ciclismo. Quero dicir que a dimensión desta colaboración económica é moito maior que á que se refire calquera doutras subvencións que, estritamente, estase dimensionando a partir do punto de vista deportivo. Iso, sumado a que, efectivamente, os informes eu, por máis que releo, non encontro ningunha, é dicir, aquí en varios momentos fai alusión e di aquí, a Intervención parece incumplir os requisitos, máis adiante volve tamén a facer alusión, quero dicir, non hai ningunha

circunstancia legal que nos impida, nin legal nin doutro tipo, polo que lle acabo de aludir, que nos impida en todo caso manter esta proposta e en todo caso votala a favor. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

É evidente que os datos que nos achega a voceira do Grupo Popular figuran nos informes, está claro, pero hai que ler tamén a letra pequena, e hai que ler tamén eses pequenos ventanucos de saída que nos proporcionan sempre as leis e os regulamentos. A subvención non é superior ao 80%, como ben dicía na súa intervención, e en segundo lugar, non se subvenciona as actividades do equipo profesional, subvenciónase o deporte base, non vai ningunha subvención para o deporte profesional, exclusivamente para o deporte base, que quere dicir, formar aos nosos nenos e nenas nas tarefas ciclistas. En terceiro lugar que a Federación si participa cunha cantidade de 110.000 euros, e con respecto ao que di da Lei de subvencións de Galicia, a publicidade, concorrência e igualdade, di tamén que pode haber excepcións de calquera tipo, de tipo social, de tipo adaptable a unhas circunstancias determinadas, por poñer un exemplo, algún club que pode estar nunha división de fútbol, que pode estar nunha división nacional, pode ter unha subvención perfectamente da deputación, ou das federacións, para o fomento do deporte base, nunca para o fomento do deporte profesional. Polo tanto, consideramos que este asunto debe de pasarse, debe de votarse a favor, e que cumprimos estritamente coa Lei de subvencións do Estado, co Regulamento que a desenvolve e coa Lei de subvencións da administración galega. Moitas grazas.

Procédese a votar a retirada da orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 9 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)

Se absteñen: ningún deputado

A seguir sométese a votación o punto número 15:

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 9 deputados (PP)

Se absteñen: ningún deputado

ACORDO

Préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

A.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excmá Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Ciclismo Galego para o financiamento de actividades que fomenten o cicloturismo na provincia da Coruña e de promoción da práctica do ciclismo nesta provincia”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CICLISMO GALEGO EN CONSTITUCIÓN PARA FINANCIAR ACTIVIDADES QUE FOMENTEN O CICLOTURISMO NA PROVINCIA DA CORUÑA E A PROMOCIÓN DE PRÁCTICA DE CICLISMO EN XERAL

A Coruña, de dous mil sete

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excmá. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Valeri Karpin, con tarxeta de residencia X-1870766-Z, como presidente da Fundación Ciclismo Galego, inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2006/8 e co CIF G-36.976.959, intervindo en representación desta en virtude das competencias que lle son conferidas no artigo 18 do estatutos da Fundación Ciclismo Galego.

Todos recoñecen na representación que exercen a capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto,

EXPOÑEN:

1.- Que a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Ciclismo Galego consideran de gran interese para a provincia da Coruña a realización de actividades que fomenten o cicloturismo na provincia da Coruña e de promoción da práctica do ciclismo en xeral nesta provincia.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique a organización e colaboración en actividades turísticas e deportivas a celebrar na provincia da Coruña. Así como na participación en actividades encamiñadas á promoción do deporte base e naquelas que fomentan a integración e a igualdade a través do deporte.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Fundación Ciclismo Galego, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio

O presente convenio ten por obxecto o de financiar parte do custo de desenvolvemento do proxecto de “fomento do cicloturismo na provincia da Coruña e de promoción da práctica do ciclismo en xeral nesta provincia e, así mesmo, financiar na porcentaxe fixada na cláusula terceira os contidos detallados no orzamento incorporado ó presente convenio que desenvolverán este proxecto.

As actividades a implementar e o orzamento presentado da actividade son os seguintes:

“a) Presenza do equipo ciclista “Karpin Galicia” en destinos turísticos da provincia da Coruña:

Concentracións: previa á competición en Cee e de peche da competición (lugar da provincia a determinar)

Entrenos: na Costa da morte e nas áreas de Santiago de Compostela e da Coruña.

Documental “Karpin Galicia. Km 0”, elaborado en colaboración coa Televisión de Galicia. Recóllense imaxes da estadia do Karpin Galicia na Concentración de Cee e dos entrenos na Costa da Morte

Outra accións

b) Fomento das rutas cicloturistas e actividades ciclistas na provincia da Coruña:

Marcha cicloturista na Costa da morte(xaneiro)

Presentación dos Tres Días Ciclistas da Ascensión(xaneiro)

Presentación do Club Ciclista Cambre(febreiro)

Presentación da tempada deportiva do piloto Pedro de Burgo(marzo)

Presentación da Volta á Coruña(marzo)

Presentación no Porto do Son da etapa da Volta á Coruña(marzo)

Marcha Ciclista en Arteixo(maio)

Presentación do campionato de Galicia de contrarreloxo en Santiago (maio)

Protocolo de entrega de medallas e maillots do campionato de Galicia de contrarreloxo individual elite/sub23 en Santiago (xuño)

Participación nos actos promocionais da Volta Ciclista a España 2007 en Santiago (xullo)

Organización da Volta -Nov@s en Santiago (agosto)

Participación nos actos da segunda etapa da Volta Ciclista a España 2007 en Santiago (setembro)

Presentación marcha BTT Roteiros das Mariñas en Cambre (setembro)

Participación no día da bicicleta na Coruña (setembro)

Marcha ciclista popular en Cerceda e presentación da escola de ciclismo (outubro)

Outras accións

c) Realización dun programa de accións de divulgación do cicloturismo na provincia

da Coruña, que inclúa:

Campus de Ciclismo dirixido a categoría elite (Semana Santa, Gandarío)

Concentración na provincia para ciclistas júniors e cadetes como preparación para os campionatos de España, así como concentración ciclista para categorías femininas na provincia en Padrón.

Charlas e conferencias do persoal da Fundación, xunto coa itinerancia da exposición "120 anos de ciclismo galego" en concellos e centros de ensino da provincia (Primavera, Outono e Nadal).

II.3 Orzamento do proxecto

1. Presenza do equipo en destinos turísticos	127.711,00
Concentracións en Cee	15.259
Aloxamento e comidas:	15.259
Concentración de peche da competición	15.000
Aloxamento e comidas:	15.000
Custe recursos humanos en destinos turísticos	84.325
Persoal asalariado Cee:	42.325
Persoal asalariado Cee:	42.000
Documental "Karpin Galicia.Km 0"	13.127
2. Rutas cicloturistas e actividades ciclistas.....	19.311,00
Marcha cicloturista Costa da Morte	7.464
Publicidade, ambulancias e seguros:	2.762
Persoal asalariado Marcha:	4.702
Organización da Volta+Nov@s	3.864
Infraestrutura:	3.335
Persoal asalariado:	529
Resto actividades	7.983
Persoal asalariado:	7.983
3.Programa de accións de divulgación do cicloturismo.....	31.876,00
Campus de Ciclismo categoría elite (Gandarío)	7.516
Aluguer autobús:	673
Persoal asalariado:	6.843
Concentración (Padrón)	2.755
Aloxamento:	885

Persoal asalariado:	1.870	
Exposición itinerante"120 anos de ciclismo galego"		7.115
Deseño e produción:	4.275	
Transporte e montaxe:	2.840	
Elementos de difusión (bidóns, publicidade, etc)		14.490
4. Gastos de xestión e organización.....		21.552,00
Dinamización da promoción do ciclismo :		20.112
Gasto secretaría:		1.440
5. TOTAL.....		<u>200.450,00</u>

Segunda.- Obrigas.

O proxecto elaborado pola Fundación Ciclismo Galego trata de deseñar unha programación de accións de fomento do cicloturismo e da práctica do ciclismo en xeral por áreas xeográficas na provincia da Coruña, de xeito que ao mesmo tempo que se dinamizan os colectivos implicados, se dea a coñecer o compromiso desa área xeográfica con esta práctica.

A Fundación Ciclismo Galego asume a obriga de realizar as seguintes actividades asociadas ás accións de fomento e promoción na provincia:

a) Presenza do equipo ciclista “Karpin Galicia” (adestramentos, concentracións, etc) en destinos turísticos da provincia da Coruña:

-Concentracións: previa á competición en Cee e de peche da competición (lugar da provincia a determinar)

-Entrenos: na Costa da morte e nas áreas de Santiago de Compostela e da Coruña.

-Documental “Karpin Galicia. Km 0”, elaborado en colaboración coa Televisión de Galicia. Recóllense imaxes da estadia do Karpin Galicia na Concentración de Cee e dos entrenos na Costa da Morte

-Outra accións

b) Fomento das rutas de cicloturismo na provincia da Coruña. Costa da morte e área de Santiago de Compostela.

c) Realización dun programa de accións de divulgación do cicloturismo na provincia da Coruña, que inclúa:

-Campus de Ciclismo dirixido a categoría elite (Semana Santa, Gandarío)

-Concentración na provincia para ciclistas júniors e cadetes como preparación para os campionatos de España, así como concentración ciclista para categorías femininas na provincia en Padrón.

-Charlas e conferencias do persoal da Fundación, xunto coa itinerancia da exposición "120 anos de ciclismo galego" en concellos e centros de ensino da provincia (Primavera, Outono e Nadal).

A Fundación Ciclismo Galego asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

No suposto de que a prestación non a realice a propia Fundación Ciclismo Galego, esta comprométese (de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións), con carácter previo á realización das actividades, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A Fundación Ciclismo Galego comprométese a destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o considere, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Terceira.- Financiamento e Pagamento.

A Deputación da Coruña financiará o proxecto cunha achega de 150.000 euros (CENTO CINCOENTA MIL EUROS), con cargo á partida 0305/451L/489.01, respecto do proxecto de importe 200.450,00 euros, o que representa unha porcentaxe dun 74.832 % dos gastos co obxectivo de custear a elaboración do proxecto.

A Deputación da Coruña, aboará á Fundación Ciclismo Galego en concepto de anticipo o 50% da achega provincial establecida no parágrafo anterior, unha vez asinado o presente convenio de colaboración.

A Fundación Ciclismo Galego, para isto, deberá presentar fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20% en concepto de posíbeis intereses moratorios (agás a que a entidade estea exenta pola Lei da prestación de garantías ou caucións). Así mesmo a Fundación deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa entidade provincial, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O pago realizarase previa presentación da factura ou facturas comprensivas de tódolos gastos efectivamente realizados en cumprimento do convenio, expresando o preceptor (contía, razón social, NIF ou CIF), o concepto, número, data e importe da factura ou facturas e manifestándose expresamente as achegas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade ou declaración expresa de non ter recibido ningunha se fora o caso. Así mesmo acompañarase de memoria técnica que detalle a execución das accións executadas en cumprimento do convenio. Tamén se acompañará documento acreditativo de atoparse ó corrente do cumprimento da súa obriga tributaria e das súas obrigas coa Seguridade Social. Así mesmo, a Fundación Ciclismo Galego deberá estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo de Recadación

A Fundación Ciclismo Galego deberá sinalar a conta de titularidade da Asociación para efectuar os pagos, nos impresos correspondentes.

Se se fixeron pagos de fondos anticipados, ten que aportar extracto dos movementos da conta coas xustificacións documentais.

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse remitir declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ó orzamento da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida na cláusula cuarta para cada obra. En todo caso a achega provincial limitarase ós gastos efectivamente xustificadas antes do 20 de decembro de 2007

Os pagamentos requirirán informe favorábel da Sección de Promoción Económica, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos.

Cuarta.- Reintegro das cantidades percibidas

No caso de que se resolva o convenio ou que as xustificacións realizadas non cubran a totalidade da contía anticipada, a Fundación Ciclismo Galego deberá devolver á Deputación a parte do percibido que corresponda antes do 31 de decembro de 2007 xunto cos xuros de mora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións, computados dende a data do libramento ata o seu reintegro efectivo.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Cada unha das partes designará un representante co fin de constituír a Comisión de Seguimento do Convenio para facer un seguimento da súa execución e cumprimento.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio de colaboración, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación constituirase unha Comisión paritaria de Seguimento integrada por un representante de cada unha das partes.

Sexta.- Control, seguimento e avaliación

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial da Coruña establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

Sétima.- Resolución do presente convenio

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

Oitava .- Carácter administrativo do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con este será competencia da Xurisdición contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran xurdir na súa interpretación estarase ao disposto no R.D. Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2006, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e en especial a obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 14.e) para a concesión e o artigo 34.5 para o recoñecemento da obriga do pago da citada lei.

Para todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Novena.- Vixencia do convenio

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ó da súa sinatura e entenderase ata o 31 de decembro de 2007, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo ós procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

Correspóndelle ó presidente da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día

E, en proba de conformidade co ata aquí exposto, os comparecentes conveñen en asinar o presente documento por exemplar cuaduplicado, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA FUNDACION
CICLISMO GALEGO

Asdo. Don Salvador Fernández Moreda

Asdo. D. Valeri Karpin “

16.-INFORME SOBRE A CORRECCIÓN DE ERROS DO DITAME E ACORDO PLENARIO DO EXPEDIENTE “PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO PARA O FINANCIAMENTO DO CONGRESO DO CENTENARIO DO HIMNO GALEGO”.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

Corrixir o punto 21 do acordo plenario de data 30/11/2007 no senso de que o importe correcto da achega provincial ao convenio de referencia é de 48.000,00 euros.

17.-REGULACIÓN INTERNA DOS HORARIOS DE TRABAJO DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

INTERVENCIONES

Sr. López Varela

A favor neste punto, simplemente queremos matizar o noso voto porque na Comisión Informativa mantivemos unha postura de abstención e imos votar

afirmativamente porque entendemos que hai acordo con todos os traballadores afectados.

ACORDO

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“O art. nº 47 do Estatuto básico do empregado público, Lei 7/2007 do 12 de abril, sinala que, as administracións públicas establecerán a xornada xeral e as especiais de traballo dos seus funcionarios públicos, non obstante, para os cidadáns resulta moi importante que nas diversas administracións públicas os horarios sexan, se non iguais, si similares, xa que tal similitude vén a facilitar o coñecemento dos períodos de funcionamento e atención ao público e, en suma, contribúe a aumentar a seguridade xurídica. Así, propónse a adopción, coas adaptacións necesarias e que se poñerán de manifesto, pola propia especialidade da administración local, dos horarios e normas xa adoptados pola Administración do Estado, que se recollen na Resolución do 20/12/2005, da Secretaría Xeral para a Administración pública (BOE nº 309, do 27/12/2005).

I.- XORNADA E HORARIO XERAIS.

1.- A duración máxima da xornada de traballo na Deputación Provincial da Coruña será a que en cada momento estea establecida pola normativa legal para a Administración Xeral do Estado. Na actualidade, segundo o disposto na Resolución do 20/12/2005, da secretaria Xeral para a Administración Pública (BOE nº 309, do 27/12/2005), está fixada en trinta e sete horas e media (37,5) semanais de traballo efectivo da media no cómputo anual.

2.- Con carácter xeral, a xornada prestarase a partir das 7:45 ata as 15:15 horas.

3.- O persoal poderá flexibilizar a súa xornada, sendo o horario xeral fixo de presenza nas oficinas de todos os centros da Deputación Provincial da Coruña, que non teñan establecido outro horario especial, de mañá e comprenderá a partir das 9:00 ata as 14:30 horas de luns a venres. O tempo restante, ata completar a xornada semanal, realizarase en horario flexible, entre as 7:30 e as 9:00 horas de luns a venres e entre as 14:30 e as 20:00 horas de luns a venres, así como nas mañás dos sábados, entre as 9:00 e as 14:00 horas, durante o mesmo mes ou o inmediato seguinte, debéndolle comunicar previamente ao superior xerárquico os días e horas de recuperación.

II.- XORNADA E HORARIOS ESPECIAIS.

1.- O persoal que teña asignada unha especial dedicación terá que realizar unha xornada de traballo de corenta (40) horas semanais, sen prexuízo do aumento horario que ocasionalmente sexa necesario polas necesidades do servizo. Para estes efectos, o tempo restante, unha vez cumprido o horario fixo de presenza, terá que realizarse en horario flexible nos intervalos fixados no apartado 1.3 anterior.

2.- Nas oficinas de Rexistro e Información o horario fixo de presenza será de mañá e comprenderá o tempo de apertura do Rexistro. O tempo restante, ata completar a xornada semanal, realizarase en horario flexible, entre as 7:30 e as 9:00 horas de luns a venres e entre as 14:30 e as 20:00 horas de luns a venres. Para compensar o tempo de traballo dos sábados, establecerase para todo o persoal administrativo da Sección unha contía retributiva fixa, no complemento específico.

3.- Entenderase como nocturno a horas de traballo comprendido entre as 22:00 horas dun día e as 6:00 horas do día seguinte. A xornada de traballo dos traballadores nocturnos non poderá exceder de oito (8) horas diarias de media, nun período de referencia de quince (15) días. Os traballadores nocturnos non poderán realizar traballos fóra da xornada ordinaria e/ou horas extraordinarias.

O persoal con funcións de vela nos Fogares Infantís, terá que realizar as seguintes quendas de traballo, tendo en conta que, pola súa especialidade, o cómputo total calcúlase para cada tres semanas, nas que se cumprirán cento doce e media (112,5) horas:

- a) Unha semana de corenta (40) horas, de luns a xoves, en horario de dez (10) horas por xornada, a partir das 22:00 horas dun día ata as 8:00 horas do día seguinte:
- b) Outra semana de corenta (40) horas, de xoves a domingo, en horario de dez (10) a partir das 22:00 horas dun día ata as 8:00 horas do día seguinte (o último día, a partir das 22:00 horas do domingo ata as 8:00 horas do luns).
- c) A outra semana, de trinta e dúas e media (32,5) horas, de martes a venres, en horario de once (11) horas os dous primeiros días, a partir das 22:00 horas dun día ata as 9:00 do día seguinte, e o terceiro en horario de dez horas e media (10,5), a partir das 22:00 horas dun día ata as 8:30 horas do seguinte.

Estes postos serán asignado un complemento de nocturnidade.

4.- Traballo a quendas.

Nos centros e/ou departamentos nos que, polas súas funcións e/ou especialidades, a súa actividade se desenvolva por quendas e, polo tanto non sexa tampouco posible a adopción dun horario flexible, o horario será o seguinte:

- a) Quendas de mañá: comprenderá a partir das 8:00 ata as 15:00 horas de luns a venres. O tempo restante, ata completar a xornada semanal, realizarase un sábado de cada tres entre as 8:00 e as 15:00 horas.
- b) Quendas de tarde: comprenderá a partir das 15:00 ata as 22:00 horas de luns a venres. O tempo restante, ata completar a xornada semanal, realizarase un sábado de cada tres entre as 15:00 e as 22:00 horas.

Nos centros en que ademais sexa necesaria a prestación dos servizos os sábados, domingos e festivos, as quendas serán as seguintes:

- a) Quendas de mañá: comprenderá a partir das 8:00 ata as 15:00 horas de luns a domingo.
- b) Quendas de tarde: comprenderá a partir das 15:00 ata as 22:00 horas de luns a domingo.

Nos centros onde haxa que prestar os servizos os domingos e festivos o traballador terá dereito a un descanso mínimo semanal de dous días ininterrompidos e poderanse establecer as previsións necesarias para que os traballadores gocen do descanso semanal anticipadamente.

Un domingo inhabilita, como mínimo, a traballar o domingo seguinte. Os traballadores librarán a metade dos domingos e festivos en cómputo anual.

O gozo do descanso semanal é obrigatorio e non acumulable, agás naqueles casos nos que, a petición do traballador e por causa xustificada, se autorice a súa acumulación. A valoración destas situacións farase conxuntamente entre a Dirección e o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e os representantes sindicais.

Estes postos de traballo terán asignado un complemento de traballo en quendas.

No caso de traballar tamén os domingos e festivos, terán ademais un complemento de traballo en festivos.

5.- Xornada de 24 horas ininterrompidas.

Os postos de traballo de educador/a adscritos ao Fogar Infantil “Emilio Romay”, ten asignada unhas quendas específicas de vinte e catro horas seguidas, descansando catro días seguidos entre unha e outra vez.

6.- Xornada que comprende horarios de mañá e tarde.

Os postos de traballo de educador/a-titor/a adscritos ao Fogar Infantil “Emilio Romay”, teñen asignado un horario específico, que comprenderá a partir das 10.30 ata as 18:00 horas, de luns a venres.

7.- Persoal docente.

O persoal docente dos centros da Deputación Provincial da Coruña terá que cumprir os mesmos horarios que os establecidos para o persoal docente dependente da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. As vacacións e os permisos serán tamén os mesmos e a súa concesión será en iguais condicións que os do devandito persoal da Comunidade Autónoma de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a normativa para o persoal docente da Administración Xeral do Estado.

8.- Situacións excepcionais na prestación do servizo.

No caso de que as necesidades do servizo impidan a aplicación dos horarios referidos nos puntos anteriores, o sector afectado haberá de cumprir a xornada que estableza a Dirección do Centro, con carácter provisorio e previo informe motivado e autorización do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, conforme as súas propias necesidades, sempre que non supere o número de 37,5 horas semanais, se manteña o descanso de día e medio ininterrompido en cada semana e non se produza discriminación ningunha entre o persoal funcionario ou laboral que puidese compartir esas mesmas tarefas.

9.- Postos de traballo con dispoñibilidade fóra da xornada ordinaria.

Os postos de traballo que despois de cumprir a xornada ordinaria están suxeitos a dispoñibilidade en horario fóra desa xornada e non teñan especial dedicación, percibirán o complemento de dispoñibilidade horaria.

De calquera modificación que se produza nas condicións de prestación do tempo de traballo anteriormente recollidas, remitirase copia do expediente á Xunta de Persoal, ao Comité de Empresa e ás seccións sindicais dos sindicatos con representación na Deputación Provincial da Coruña, dando coñecemento por parte da Corporación destas na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos.

Todos os complementos salariais sinalados nos puntos anteriores incorporaranse dentro do complemento específico no caso do persoal funcionario ou no concepto salarial equivalente no caso do persoal laboral.

III.- DESCANSO E FESTIVOS.

1.- Todo o persoal terá dereito a un descanso mínimo semanal de día e medio ininterrompidos que, como regra xeral, comprenderá a tarde do sábado e o domingo.

2.- Nos centros nos que sexa necesaria a prestación dos servizos nos sábados, domingos e festivos, poderanse establecer as previsións necesarias para que os traballadores gocen do descanso semanal anticipadamente.

IV.- XORNADA DE VERÁN.

Nos centros nos que sexa posible, tendo en conta as necesidades do servizo, no período comprendido entre os días 15 de xuño e 30 de setembro, ambos incluídos, reducirase a xornada diaria nunha hora, sendo o período obrigatorio de presenza das 9 ás 14:00 horas, con excepción da “semana grande”, no mes de agosto, e os seus equivalentes en Santiago de Compostela e en Ferrol, durante a que se acurtará a xornada en tres horas, neste caso o horario de obrigada permanencia será a partir das 9 ás 13.00 horas.

V.- MEDIDAS ADICIONAIS DE FLEXIBILIDADE HORARIA.

1.- Todo o persoal dispoñerá dun período de trinta minutos de descanso, que se computará como de traballo efectivo, dentro da xornada laboral, que non poderá afectar á prestación dos servizos e, como norma xeral, efectuarase entre as 10:00 e as 13:30 horas, ou entre as 18:00 e as 21:00 horas nas quendas de tarde.

2.- Flexibilidade de horario para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Quen teñan ao seu cargo, por razóns de garda legal, un ou máis menores de 12 anos, así como quen teñan ao seu coidado directo persoas maiores de 65 anos que requiran especial atención ou persoas con discapacidade, poderán flexibilizar, sen carácter acumulable, nunha hora diaria a parte fixa do seu horario calquera que sexa a modalidade de xornada que realicen. Poderán gozar así mesmo desta modalidade de xornada flexible quen teñan ao seu cargo directo un familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade con enfermidade grave.

Quen teñan ao seu cargo, por razóns de garda legal, un menor con discapacidade poderán flexibilizar en dúas horas diarias a parte fixa do seu horario, calquera que sexa a modalidade de xornada que realicen, para a súa conciliación cos horarios do centro escolar ou de integración ao que asista o devandito menor.

As empregadas públicas vítimas de violencia de xénero poderán, calquera que sexa a modalidade de xornada que realicen, flexibilizar en dúas horas diarias a parte fixa do seu horario, para facer unha asistencia social integrada.

Excepcionalmente e con carácter temporal por un máximo de 6 meses prorrogables por

igual prazo, poderanse autorizar unha flexibilidade por un máximo de dúas horas por motivos directamente relacionados coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral e nos casos de familias monoparentais.

3.- Aplicaranse as demais medidas adicionais de flexibilidade horario e conciliación familiar que en cada caso estableza a propia Corporación, a normativa específica vixente da Comunidade Autónoma de Galicia e, supletoriamente, a normativa da Administración Xeral do Estado.

4.- Modalidades de xornada reducida para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Sen prexuízo doutros supostos de redución de xornada dos que poden gozar os empregados públicos, recoñecidos e regulados legal ou regulamentariamente, os empregados e empregadas poderán acollerse ás seguintes modalidades de xornada reducida:

a) Xornada reducida para a conciliación da vida familiar e laboral.

Poderán acollerse a esta modalidade, consistente na diminución da súa xornada laboral, con redución proporcional das retribucións que puidesen corresponderlles, todos os empregados e empregadas que teñan ao seu coidado directo, por razóns de garda legal, a algún menor de 12 anos, así como a unha persoa maior de 65 anos que requira especial atención e non desempeñe actividade retribuída ou persoa con discapacidade.

Poderán, así mesmo, acollerse a esta modalidade quen precisen encargarse do coidado directo dun familiar ata o segundo grao de afinidade ou consanguinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmos e que non desempeñen actividade retribuída.

A diminución da xornada de traballo e a redución das retribucións que correspondan á devandita redución de xornada gozaranse conforme ao previsto no acordo e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Para o cálculo do valor da hora aplicable á devandita redución tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais que perciba o funcionario dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado polo número de horas que o funcionario teña obriga de cumprir, de media, cada día.

Cando o permita a organización do traballo da unidade, concederáselle ao funcionario a parte da xornada que conveña aos seus intereses persoais.

b) Xornada reducida por razón de enfermidade moi grave dun familiar.

O persoal que precise para atender o coidado dun familiar en primeiro grao, por razón

de enfermidade moi grave, terá dereito a solicitar unha redución de ata un cincuenta por cento da súa xornada laboral, con carácter retribuído e polo prazo máximo dun mes conforme ao previsto no acordo.

Cando dous empregados xeren este dereito polo mesmo feito causante, poderán gozar da devandita redución de maneira parcial, non podendo exceder a suma dos períodos de gozo de ambos, en todo caso, do prazo máximo dun mes.

c) Xornada reducida por interese particular.

Quen desempeñen postos de traballo cuxo nivel de complemento de destino sexa inferior a 28 e non se vexan obrigados, polo contido do seu posto, a prestar servizo en réxime de especial dedicación, poderán acollerse a esta modalidade de xornada reducida por interese particular, consistente no desempeño, de forma ininterrompida de 25 horas semanais de traballo efectivo de luns a venres entre as 9:00 horas e as 14:00 horas, percibindo o 75% das súas retribucións.

O recoñecemento desta modalidade de xornada reducida estará condicionado ás necesidades do servizo e será incompatible co gozo doutras modalidades de xornada reducida establecidas legal ou regulamentariamente.

5.- Tramitación.

Todas as modalidades de xornada reducida ou flexible para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral serán recoñecidas, previa solicitude do empregado ou empregada, pola Presidencia, a través do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

O persoal que solicite o recoñecemento ou, se é o caso, a autorización dalgunha das xornadas reducidas ou flexibles establecidas no presente calendario, achegará, xunto coa solicitude, os documentos acreditativos do suposto causante do seu dereito, agás cando os devanditos documentos consten xa en poder do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

VI.- XUSTIFICACIÓN DE AUSENCIAS.

1.- As ausencias e faltas de puntualidade e permanencia do persoal, nas que se aleguen causas de enfermidade, incapacidade temporal e outras de forza maior, requirirán o aviso inmediato ao responsable da unidade correspondente, así como a súa ulterior xustificación acreditativa no Servizo competente en materia do persoal. De non quedar debidamente xustificadas, darán lugar a unha redución proporcional das retribucións, segundo o establecido na Resolución do 02/01/2007 da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos que di o seguinte:

“A diferenza, en cómputo mensual, entre a xornada regulamentaria de traballo e a efectivamente realizada polo funcionario dará lugar, agás xustificación, á correspondente dedución proporcional de haberes.

Para o cálculo do valor da hora aplicable á devandita dedución tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais que perciba o funcionario dividida entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado polo número de horas que o funcionario teña obriga de cumprir, de media, cada día.”

2.- As compensacións de tempo realizaranse durante o mes seguinte, desde que a organización e funcionamento do centro o permitan e atendendo ás necesidades de traballo existentes.

3.- En calquera caso, e polo que se refire á xustificación das baixas por incapacidade temporal, estarase ao disposto na Resolución da Presidencia do 28/01/2004, pola que se regula a presentación dos partes de baixa, confirmación e alta por incapacidade temporal do persoal da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 41, do 19/02/2004), sempre que este alcance unha duración superior a tres días, e sempre sen prexuízo da facultade discrecional dos titulares das unidades administrativas de esixir en calquera momento a xustificación documental oportuna correspondente ao devandito período de tres días.

MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai unha moción que creo que, se non lle importa, eu comunicoo porque están de acordo todos, unha moción que falou o Sr. Lagares cos voceiros do BNG e do Partido Popular referente a dous convenios que aprobamos en setembro, pero que a base 48 di que non se pode financiar máis do 80% agás que se exceptúe, cando se aprobou non sabiamos que estabamos financiando o 100%, estamos falando de cantidades de 15.000 euros e 12.000 euros, sabemos todos de que vai, é para o Centro betanceiro e para a ampliación do Museo da Emigración. Entón, temos que votar primeiro a inclusión deste punto na orde do día, estamos de acordo, e temos que votar tamén a aprobación do contido desta moción, estamos de acordo, entón se entende aprobada e queda liberalizado para poder asinar o convenio con estas dúas institucións arxentinas.

Por unanimidade apróbase incluír a seguinte moción que se aproba tamén por unanimidade:

“Consonante co disposto do art. 65.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, e demais normativa concordante, o Grupo Provincial dos Socialistas de Galicia PSdeG-PSOE, presenta ao Pleno Corporativo a seguinte moción:

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas da diáspora manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan alonxados da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a meirande parte dos países latinoamericanos, incluída Arxentina, non debe impedir o apoio institucional de todas aquelas accións encamiñadas a valorizar o patrimonio histórico e cultural dos cidadáns galegos no exterior.

A pervivencia destas entidades asociativas é un factor esencial para manter, potenciar e divulgar os valores sociais e culturais galegos. En esta liña de actuación traballan o Centro Betanzos e a Federación de Asociacións Galegas, ambas da República Arxentina.

Ambas as dúas entidades solicitaron á Deputación axudas económicas para financiar, no caso do Centro Betanzos, a instalación dun elevador que facilite o acceso de todas as persoas ás distintas partes da súa sede social, cun orzamento de 15.450 €, e no caso da Federación de Asociacións Galegas, para financiar unha nova ampliación do Museo da Emigración Galega (Mega), cun orzamento de 12.306 €.

As citadas peticións foron aprobadas por esta Deputación, mediante acordo plenario do 28 de setembro de 2007, en virtude do cal engadiuse na Base 48ª, das de execución do Orzamento para 2007, dúas axudas por 15.450 € para o Centro Betanzos, e 12.306 € para a Federación de Asociacións Galegas, o que equivale, en ambos os dous casos, a un coeficiente de financiamento do 100 %.

Segundo a citada Base 48ª, con carácter xeral, os importes indicados non poderán superar o 80 % do orzamento subvencionado de gastos, salvo que por razóns excepcionais de interese público, entre outras casos, o pleno acorde o financiamento do custo total da actividade ou proxecto subvencionado.

Polo exposto, e tendo en conta a finalidade de interese social que levan a cabo as citadas entidades e a precaria situación económica que padecen, é polo que se propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

“1º. Aprobar o financiamento do 100 % do orzamento de gastos presentado polo Centro Betanzos, da República Arxentina, que ascende a 15.450 €, para a instalación dun elevador que facilite o acceso de todas as persoas ás distintas partes da súa sede social, co límite dunha achega de 15.450 €.

2º. Aprobar o financiamento do 100 % do orzamento de gastos presentado pola Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina, por importe de 12.306 €, para financiar unha nova ampliación do Museo da Emigración Galega (Mega), co límite dunha achega de 12.306 €”.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. López Varela

En datas recentes e a través dos medios de comunicación tívose coñecemento da existencia de problemas na área de Persoal desta Deputación Provincial. Entendendo que a importancia dos asinantes das peticións difundidas, así como as posibles repercusións no colectivo de funcionarios requiren o seu estudo e tratamento na Comisión correspondente, e que a esixencia da profesionalidade e boa xestión dos servizos públicos debería de evitar que as partes interesadas teñan coñecemento dos problemas pola prensa, o Grupo Provincial Popular solicita a convocatoria urxente da Comisión de Persoal e Réxime Interior para o estudo e busca de vías de solución ao conflito laboral.

Sr. Presidente

Con respecto a isto, direille que non existe ningún conflito, que hai un colectivo formado por 11 xefes de Servizo que queren gañar máis diñeiro, que é lexítimo que queiran gañar máis diñeiro, outra cousa é se é normal. Terán unha resposta, presentaron un recurso ao Orzamento, creo que equivocadamente, porque os recursos aos Orzamentos, as alegacións ao Orzamento son taxados, e este é un tema que afecta á Relación de Postos de Traballo, á RPT, e non ao Orzamento, pero se non o retiran teremos que convocar un Pleno extraordinario para rexeitar esta proposta, e os servizos de Persoal están a facer a resposta a este escrito e, unha vez que teñamos esa resposta, non sei se ten que ir a unha Comisión, se ten que ir a unha Comisión, convocarase unha Comisión, ten que ir a Comisión?, ben, pois unha vez que teñamos a resposta convocarase a Comisión e darase conta, é o trámite normal, pero non hai ningún conflito, é un colectivo de 11 persoas que teñen reivindicacións salariais, por certo, gañan tanto como un Director Xeral da Xunta de Galicia, e bastante máis que un Xefe de Servizo da Xunta de Galicia, pero bastante máis.

Sr. López Varela

Moi ben, alégranos a resposta, que se convoque a Comisión, pero o que non entendemos é que estas cousas nos teñamos que decatar a través dos medios de información.

Eu simplemente, Sr. Presidente, quería facer unha felicitación, se me permite, o Grupo Popular non vai presentar nin máis rogos, nin máis preguntas, pero si unha felicitación, dende o Grupo Popular queremos aproveitar este Pleno para felicitarlle por ter acudido o pasado mércores en Madrid a recoller o premio Promociona 2007 outorgado á Deputación pola Fundación Española para a inauguración da artesanía dependente do Ministerio de Industria, un galardón que recibe esta Deputación Provincial polo apoio á artesanía, especialmente polos premio Antonio Fraguas, creados en 1998 para recoñecer o traballo dos artesáns desta provincia, premio creado, repetimos, en 1998. O dito, Sr. Presidente, en nome do Grupo Popular os nosos parabéns por ir a Madrid a recoller este premio.

Sr. Presidente

Moitas grazas, pero paréceme que foi creado no ano 88, paréceme que si, ben, levamos vinte anos de premio, é carácter bienal, convócase unha vez cada dous anos, polo tanto, foi creado no ano 1988, pero en todo caso eu tiven a delicadeza de dicir que era un premio que recollía eu pero que eran merecedores todos os anteriores Presidentes que promocionaron e apoiaron a artesanía popular, a artesanía tradicional, introducindo métodos de innovación, que non era un premio a este presidente, senón que era un premio á deputación polo labor continuado de varios presidentes que destinaron a facer isto, porque o cortés non quita o valente.

Agora temos, dentro dunha hora, temos a copa, a felicitación das Festas e Ano Nova aos funcionarios, logo temos unha copa e logo temos o xantar.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.